


Diplomado en sanidade 2008

Cadernos de investigación sanitaria



Título:

Cadernos de investigación sanitaria

Edita:

Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS)

Colabora:

Dirección Xeral de Saúde Pública

Consellería de Sanidade

Deseño e realización: Krissola Deseño, S.L.

Depósito legal: C-1629-2009

I.S.B.N.: 978-84-453-4812-3

Presentación

É para min un pracer presentar a publicación Cadernos de investigación sanitaria, diplomado en Sanidade 2008, fiel reflexo da liña editorial que esta institución está a desenvolver e coa que se pretende recoller o coñecemento e a experiencia existente no ámbito das ciencias da saúde, para transformalos nun activo intelectual dispoñible para compartir e ser utilizado polos distintos profesionais da sanidade.

A través da edición, produción e difusión destes cadernos, a Escola quere achegar á comunidade científica traballos de investigación realizados polos participantes nos másteres e diplomas impartidos, e así contribuír a facilitar a súa publicación e difusión no ámbito científico pertinente.

Neste primeiro caderno que presentamos, recóllense os traballos máis destacados do diplomado en sanidade 2008. De todos é sabido que este diploma, organizado conxuntamente pola Fegas e a Dirección Xeral de Saúde Pública dende o ano 1998, é un dos cursos máis prestixiosos que se imparten, xa que á gran calidade da programación e do profesorado, engádeselle a homologación do título por parte da Escola Nacional de Sanidade.

Os tres traballos seleccionados e que se describen a continuación, reflicten a esencia multidisciplinar do curso de diplomado en sanidade, cuxo obxectivo principal é introducir aos distintos profesionais de Galicia nunha visión comunitaria dos problemas individuais da saúde, dado que o carácter multidisciplinar da saúde pública necesita do emprego de coñecementos e experiencias procedentes de diferentes campos.

En primeiro lugar publícase o traballo titulado “Erros na transcripción de enfermería da medicación prescrita nas ordes de tratamento nun hospital comarcal”, presentado por Bárbara Rodríguez Pérez, enfermeira do Hospital da Barbanza, e cuxo obxectivo é estimar a

incidencia de erros na transcripción da medicación nas follas de rexistro de administración de medicación das enfermeiras e analizar a súa relación con diversas variables de interese.

En segundo lugar o traballo titulado “Diferenzas de pH en canais de vacún segundo o tempo de transporte ao matadoiro” presentado por Carlos Alberto Vázquez Dorrego, veterinario do matadoiro Novafrixa, co obxectivo de avaliar o efecto da duración do transporte de longa duración sobre o pH e, xa que logo na calidade organoléptica das canais obtidas no matadoiro e a súa aptitude para os distintos aproveitamentos.

E en terceiro lugar o traballo titulado “Seroprevalencia da rubéola, a infección por *Helicobacter pylori*, e o herpes xenital causado por Herpes simplex tipo 2 (HSV-2) en doadores de sangue de Galicia”, presentado polos autores Sandra María Costoya Coira, farmacéutica do Centro de Transfusións de Galicia, e por Manuel Garrido Outeiro, bioquímico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e cuxos obxectivos son estudar a taxa de protección da poboación fronte ao virus da rubéola; estimar a prevalencia da infección por *H. pylori* e HSV-2 na poboación galega e determinar se existen diferenzas na seroprevalencia das devanditas doenzas segundo a distribución xeográfica, grupos de idade e sexo, cos datos da enquisa de seroprevalencia de 2007.

Berta Rivera Castiñeira

Directora da FEGAS

Índice

Capítulo 1:

Erros na transcripción de enfermería da medicación prescrita nas ordes de tratamento nun hospital comarcal **7**

Bárbara Rodríguez Pérez

Resumo	9
1. Introducción	11
2. Obxectivo	15
3. Material e métodos	16
4. Resultados	19
5. Discusión	22
6. Conclusión	25
Bibliografía	26
Anexos	29

Capítulo 2:

Diferenzas de pH en canais de vacún segundo o tempo de transporte ao matadoiro **33**

Carlos Alberto Vázquez Dorrego

1. Introducción	35
2. Obxectivo	39
3. Métodos	39
4. Resultados	40
5. Discusión	43
6. Dificultades e limitacións técnicas do estudo	45
7. Conclusións	45
Bibliografía	47

Capítulo 3:

Seroprevalencia da rubéola, a infección por *Helicobacter pylori*, e o herpes xenital causado por Herpes simplex tipo 2 (HSV-2) en doadores de sangue de Galicia

49

Sandra María Costoya Coira

Manuel J. Garrido Outeiro

Resumo	51
1. Introducción	53
2. Obxectivo	54
3. Material e métodos	54
4. Resultados	56
5. Discusión	60
6. Limitacións e dificultades	62
7. Conclusión	63
8. Agradecementos	63
Bibliografía	64
Anexos	67

Capítulo 1

Erros na transcripción de enfermería da medicación prescrita nas ordes de tratamento nun hospital comarcal

Bárbara Rodríguez Pérez

Enfermeira.

Hospital do Barbanza

TITOR

Xosé Manuel Segade Buceta

Doutor en medicina e cirurxía. Especialista en medicina preventiva e saúde pública

Técnico de saúde pública. Xerencia de atención primaria de Santiago



Resumo

Obxectivo. Medir a incidencia de erros na transcripción da medicación nas follas de rexistro de administración de medicación das enfermeiras e analizar a súa relación con diversas variables de interese.

Material e métodos. Trátase dun estudo analítico-transversal. O universo do estudo foron os tratamentos médicos e follas de rexistro de administración de medicación de pacientes ingresados no hospital do Barbanza (especialidades de medicina interna e cirúrxicas), durante os meses de xullo, agosto e primeira semana de setembro de 2008. Para o cálculo do tamaño dunha mostra usouse unha confiabilidade do 95%, cunha proporción esperada do 13% e unha precisión do 1%, resultando un tamaño de mostra non inferior 4.345 liñas de tratamento. Recolléronse as seguintes variables: nº de historia clínica, especialidade, data, tipo de contrato da enfermeira, lexibilidade médica e de enfermería, presenza ou ausencia dos seguintes tipos de erro: omisión, non suspensión, doses, vía e frecuencia. Para a análise univariante dos resultados empregáronse índices estatísticos descritivos para variables cualitativas (tipo proporción). Para a análise bivariante empregouse a proba de 'chi-cadrado'.

Resultados. Finalmente foron analizadas 4.452 liñas de tratamento, correspondentes a 254 pacientes. A incidencia de erros de transcripción por liña de tratamento foi do 4%, sendo a proporción de pacientes afectados do 35% e o promedio de erros por paciente de 0,71. Un 42% do total de erros foi provocado por erro/omisión na frecuencia. Non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre especialidades (medicina interna e cirúrxicas) con respecto á presenza de erros ($p=0,280$). Porén, si se atoparon diferenzas entre as distintas enfermeiras (en función do tipo de contrato laboral) e a produción de erro ($p<0,001$), sendo este do 2,5% entre fíxas/interinas, do 4,8% entre as eventuais e do 9% nas de pool. Os dous tipos de erros que manteñen as diferenzas foron por omisión e por frecuencia. Non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre a presenza de erros e a lexibilidade da letra do médico ($p=0,076$) nin da lexibilidade da enfermeira ($p=0,651$).

Conclusións. A incidencia de erros na transcripción de enfermería foi de 4 por 100 liñas de tratamento e de 35 por 100 pacientes. A proporción de erros vai aumentando a medida que diminúe a estabilidade laboral de enfermería. Dada esta magnitude de erros por transcripción de enfermería, estaría plenamente xustificada a utilización de sistemas como a prescrición electrónica asistida.

Palabras clave: Erros de transcripción. Enfermería. Hospital.

1. Introducción

A protección e seguridade dos pacientes en relación cos servizos sanitarios converteuse nun dos obxectivos prioritarios das políticas estratéxicas de organismos e gobernos, tanto no ámbito nacional como no internacional.

No ano 2002 a OMS, na súa 55 Asemblea Mundial da Saúde, aprobou unha resolución na que instaba os estados membros a prestaren «a maior atención posible ao problema da seguridade do paciente» e a estableceren e consolidaren «sistemas de base científica, necesarios para mellorar a seguridade e a calidade da atención da saúde, en particular a vixilancia dos medicamentos, o equipo médico e a tecnoloxía» (1). Dous anos máis tarde, na súa Asemblea Mundial de 2004 acordouse a creación da Alianza Mundial para a Seguridade do paciente. O programa da Alianza inclúe unha serie de medidas consideradas clave para reducir o número de doenzas, traumatismos e defuncións que sofren os pacientes ao recibiren atención sanitaria (2).

Aínda que a Organización Mundial da Saúde ou o Consello de Europa non sexan órganos cuxas directrices sexan de obrigado cumprimento, distintos estados membros escoitaron esta voz de alarma e así países, como no caso de España, incluiron a Seguridade dos Pacientes como unha estratexia prioritaria do Plan de Calidade para o Sistema Nacional de Saúde (3).

A asistencia sanitaria está considerada como un dos factores determinantes da saúde das poboacións (4). Os profesionais sanitarios baseamos o noso quefacer nun principio básico de *Primum non nocere*, traducido á nosa lingua a “o primeiro é non mancar”, máxima aplicada á nosa razón de ser. No entanto, a atención sanitaria ten importantes riscos que precisan ser estudados en profundidade para intentar minimizalos.

A medida do risco ligado aos coidados hospitalarios é unha cuestión clave para un sistema de saúde, tanto na súa dimensión económica, como xurídica, social e incluso mediática (5).

Aínda que os primeiros traballos realizados no ámbito da seguridade do paciente por riscos da atención sanitaria datan dos anos 50, non é ata principios deste século cando o problema toma unha dimensión mundial.

Os primeiros estudos de envergadura foron iniciados nos anos 80. Así o primeiro estudo relevante no que se estimou a incidencia de efectos adversos (EA) debido á hospitalización, foi o coñecido como o estudo Harvard Medical Practice (HMPS) realizado no 1984 en Nova York (6-7). Nel xa se definiu o extremo efecto adverso como o dano non intencionado provocado por un acto médico máis que polo proceso nosolóxico en si. Neste traballo obtívose unha incidencia de EA do 3,7%, dos cales un 19,4% estaban causados por medicamentos. Do total de EA, un 45% consideráronse evitables.

Outros países comezaron a estimar este problema, e investigacións similares foron realizadas noutros países como Reino Unido (8) Dinamarca (9) ou Canadá (10). Os datos que ofreceron foron preocupantes, xa que manexaban unha taxa de efectos adversos en hospitais de entre un 7 e un 12%.

E esa preocupación trasladouse á opinión pública nunha controvertida publicación feita polo Instituto de Medicina dos Estados Unidos (11) (IOM) no ano 1999, "To Err is Human: building a safer health system". E é que neste informe se transformaron esas porcentaxes en datos contundentes. Así concluía que entre 44.000 a 98.000 persoas morren ao ano nos hospitais de EE.UU. como resultado dos erros que acontecen nos procesos de atención. Destas mortes, unhas 7000 derivarían especificamente como resultado de erros no sistema de utilización dos medicamentos. Estas cifras situaron os erros médicos como a oitava causa de morte no país americano, incluso por riba da mortalidade producida por accidentes de tráfico, cancro de mama ou a SIDA. Calcúlase que o custo dos efectos adversos previsibles ascenden a 17.000-20.000 millóns de dólares anuais, incluíndo a perda de ingresos, as discapacidades e o tratamento médico.

Aínda que estes resultados foron posteriormente cuestionados por outros autores (12) non cabe dúbida de que este informe marcou un antes e un despois nas estratexias das políticas de calidade asistencial dos países desenvolvidos, converténdose nun tema prioritario e de indiscutible actualidade.

En España, dispoñemos desde o ano 2006 dos resultados obtidos polo Estudo Nacional sobre os Efectos Adversos ligados á Hospitalización (5) (ENEAS 2005). Este estudo permitiu facer un diagnóstico da situación na nosa contorna. Entre os seus obxectivos atopábase o de determinar a incidencia de EA nos hospitais, identificar as causas inmediatas dos EA, e avaliar o grao de evitabilidade destes. Os resultados obtidos foron os seguintes: a incidencia dos EA relacionados coa asistencia sanitaria nos hospitais españois é dun 9,3% e dun 8,4% en pacientes con EA relacionados directamente coa asistencia hospitalaria (excluíndo os pacientes de atención primaria, consultas externas). Estas porcentaxes están en consonancia cos atopados noutros países. Os datos albiscan que case un de cada dez pacientes que entra en contacto coa asistencia sanitaria sufrirá polo menos un EA por ese motivo.

As tres causas inmediatas relacionadas cos EA foron por orde de frecuencia: as relacionadas cos erros de medicación cun 38,4%, as infeccións nosocomiais cun 17,8% e os derivados de problemas técnicos durante un procedemento 17,8%. De todos os EA que se detectaron case a metade (42,8%) consideráronse previbles.

Neste mesmo traballo os autores conclúen que é a partir do diagnóstico de situación e do coñecemento da epidemioloxía dos efectos adversos e as súas causas cando se pode comezar a desenvolver estratexias que permitan a súa prevención ou, en caso de non poder ser evitados, a minimización das súas consecuencias.

Outro dato impactante noutro informe publicado recentemente polo IOM titulado Preventing Medication Errors (13), dinos que “un paciente hospitalizado está suxeito a un erro de medicación por día”.

Un erro de medicación defínese como “calquera incidente previsible que lle pode causar dano ao paciente ou dar lugar a unha utilización desaxeitada dos medicamentos, cando estes están baixo o control dos profesionais sanitarios, do paciente ou consumidor. Estes incidentes poden estar relacionados coas prácticas profesionais, cos produtos, cos procedementos ou cos sistemas, e inclúen os fallos na prescrición, comunicación, etiquetaxe, envasado, denominación, preparación, dispensación, distribución, administración, educación, seguimento e utilización dos medicamentos”. Esta definición expresa o carácter previsible dos erros e o feito de que supoñen calquera fallo que se produce en calquera dos procesos do sistema de utilización dos medicamentos (14).

Diferentes estudos fálanos dun aumento progresivo da incidencia dos erros de medicación (EM) nos sistemas sanitarios dos países desenvolvidos.

Traballos frecuentemente citados como os de Leape e cols como Bates e cols (15), indican que os EM prodúcense nun 6,5% das admisións hospitalarias e que ocorren máis frecuentemente nas fases de prescrición (56%) e administración (34%), e en menor proporción na transcrición (6%) e dispensación (4%).

Outros estudos máis recentes e máis próximos ao noso contexto no que se estudaban erros na dispensación e transcrición, cuantifican os erros debidos á transcrición nun 12,01% (16).

Entre os factores que contribúen a esta realidade sinálanse a crecente complexidade dos procedementos terapéuticos, a especialización, a segmentación da asistencia sanitaria e a falta de sistemas de traballo seguros, entre eles a falta de implementación de novas tecnoloxías que faciliten os procedementos de traballo (17). E é que o uso de medicamento é a intervención máis frecuente á que se ve sometida unha persoa que entra en contacto co sistema sanitario.

Unha vez estudado o problema e coñecidas as súas causas o seguinte paso é que se sinala é a cultura profesional sanitaria na que nos atopamos. Seguimos vivindo nun contorno no que se tende a culpabilizar a persoas que comenten un erro, en vez de favorecer a comunicación aberta dos erros asistenciais e as súas causas. Moitos destes erros poderían ser evitados se coñecemos como e por que se producen.

Os erros deben ser analizados desde a perspectiva de que se producen porque existen fallos nas compoñentes do sistema (system approach) e non por ser incompetencia ou fallos dos individuos (person approach) (18).

Seguindo este modelo proposto por Reason, partiremos da premisa de que os erros de medicación se producen maiormente como fallos nos procesos de utilización dos medicamentos, polo que debemos analizalos como erros do

sistema de seguridade que non reside só nos individuos, senón que é primordialmente unha característica dun sistema no seu conxunto. O importante non é buscar a persoa responsable, senón analizar as circunstancias que motivaron o erro, para conseguir evitalo no sucesivo (19).

Así pois parámonos a analizar o circuíto que segue un medicamento que se vai administrar a un paciente hospitalizado na nosa contorna máis próxima, o noso centro de traballo, e vemos como rapidamente aparecen puntos críticos que poden favorecer a aparición de erros.

Na actualidade e en moitos hospitais españois, os principais procesos que se identifican no sistema de utilización e os medicamentos dunha persoa ingresada, desde que o médico decide a terapia farmacolóxica ata que se lle administra ao paciente, é o seguinte:

-
- 1 ➤ Prescrición médica nunha folla de orde de tratamento, en formato papel.
 - 2 ➤ Transcrición de enfermería deste tratamento a unha folla de rexistro de administración de medicación, en formato papel.
 - 3 ➤ Transcrición do farmacéutico da terapia a un sistema informático e validación da medicación.
 - 4 ➤ Dispensación da medicación do servizo de farmacia á unidade de hospitalización correspondente.
 - 5 ➤ Preparación da medicación e administración desta por parte do persoal de enfermería.
-

Dentro de cada un destes puntos existen outros pasos intermedios nos que participan distintos profesionais.

O presente estudo céntrase no proceso da transcrición enfermeira. Detivémonos nese paso co obxectivo de estudar cantos erros se cometen polo simple feito de transcribir unha información contida nun documento (a orde médica), a outro formato (a folla de rexistro de medicación). E é que este sistema obriga a que o proceso siga estas fases, xa que a prescrición dos medicamentos é realizada polo médico nunha folla autocopiativa cun formato liñal.

Unha desas copias envíase ao servizo de farmacia onde o farmacéutico ten que transcribir esa información a un programa informático, posteriormente valida esa prescrición e xera uns listados para a dispensación dos fármacos. E por outra parte as enfermeiras, nas propias unidades asistenciais, reescriben o tratamento a outra folla, que ten un formato que lles vai permitir establecer os días, a frecuencia (horarios) e o rexistro (sinatura) da administración da medicación.

Hai institucións que conseguiron eliminar esta etapa, como por exemplo, hospitais nos que o médico prescribe as ordes de tratamento en follas cun formato axeitado

para que o persoal de enfermería as poida utilizar como rexistro de administración de medicación, situación na cal se elimina o paso da transcripción de enfermería. Ou exemplos de institucións que xa utilizan sistemas de Prescrición Electrónica Asistida (PAE).

Os PAE son programas informáticos utilizados polos médicos para facer a prescrición das ordes de tratamento. Son aplicativos que ademais de ofrecer un formato adecuado, ofrecen asistentes de axuda de prescrición a tempo real, coa base de datos dos medicamentos incluídos na guía de farmacoterapéutica do hospital, na que lles informa das doses máis habituais, doses máximas ou mínimas, alertas sobre a existencia de duplicidades terapéuticas ou interaccións medicamentosas. Unha vez realizada a prescrición médica o médico imprime o tratamento do paciente para o rexistro da administración polo persoal de enfermería. Así mesmo, o farmacéutico valida as ordes médicas desde o ordenador conectado on-line coa unidade de hospitalización. Estes programas permiten a comunicación directa do farmacéutico desde o servizo de farmacia co médico a través de mensaxes. Temos estudos tanto nacionais como internacionais que nos falan dos beneficios no uso desta nova tecnoloxía (20) xa que axudan a eliminar etapas do sistema que indubidablemente son potencialmente xeradores de erros.

Neste estudo voume limitar a estudar cantos e de que tipo son os erros que se cometen na fase de transcripción de enfermería, e que posibles causas poden intervir na súa aparición. E é que aínda que haxa estudos que obtiveron nos seus resultados que os erros de medicación producidos na transcripción enfermeira son menos frecuentes que os acontecidos noutros momentos do proceso da medicación, este é un paso crucial, xa que os erros que acontecen nel teñen unha elevada probabilidade de chegar ao paciente (20).

Ademais, porque considero que é un problema evitable coa adopción de medidas facilmente implantables, como son a existencia de follas de prescrición adaptadas como folla de rexistro de administración de enfermería, ou con medidas máis custosas economicamente pero moito máis desexables polos beneficios que achegan na evitación de EM como son a utilización de PEA.

Como erro de transcripción considerárase a discrepancia entre o perfil farmacoterapéutico do paciente que figura na folla de rexistro de administración de medicación de enfermería (transcrita pola enfermeira) e a folla de prescrición médica (escrita polo médico).

2. Obxectivo

O obxectivo deste estudo é medir a incidencia de erros na transcripción da medicación nas follas de rexistro de administración de medicación das enfermeiras e analizar a súa relación con diversas variables de interese.

3. Material e métodos

Deseño

Trátase dun estudo analítico transversal.

Universo do estudo

Tratamentos médicos e follas de rexistro de administración de medicación (Historia Clínica) de pacientes ingresados nas unidades de hospitalización do hospital do Barbanza, pertencentes ás especialidades de medicina interna e cirúrxicas, durante os meses de xullo, agosto e primeira semana de setembro de 2008.

Tamaño e deseño muestral

Para o cálculo do tamaño dunha mostra usouse unha confiabilidade do 95%, cunha proporción esperada do 13% e unha precisión do 1%, resultando un tamaño de mostra non inferior 4345 liñas de tratamento. Para poder planificar a colleita de datos foi necesario saber previamente a media de prescricións por paciente. Tras unha estimación inicial do número de liñas de tratamento xeradas en pacientes de medicina interna (MIÑA) e en pacientes de especialidades cirúrxicas (QX), as medias resultantes foron de 12,3 liñas por paciente en MIÑA e de 9,3 liñas por paciente en QX, resultando unha media global de 10,8 liñas de tratamento por folha de rexistro de medicación. Isto implicaba que era necesario revisar como mínimo 403 follas de rexistro de medicación en pacientes ingresados.

Variables do estudo

As variables que se tiveron en conta para realizar deste estudo foron:

- 1 → Especialidade médica á que corresponden os tratamentos de pacientes revixados:
 - Medicina interna (MIÑA) = 1
 - Especialidades cirúrxicas (QX) = 2
- 2 → Identificación de historia:
 - Número de Historia Clínica (NHC)
- 3 → Día da semana e mes no que se recolle a información:
 - Data (Día/mes/ano)
- 4 → Tipo de contrato da enfermeira que realizou a transcrición:
 - Fixa + Interina = 1
 - Eventual = 2
 - Pool = 3

5 ─ Lexibilidade letra médico na prescrición (orde médica).

Boa = 1

Regular = 2

Mala = 3

6 ─ Lexibilidade letra enfermeira na transcrición (folha de rexistro de medicación).

Boa = 1

Regular = 2

Mala = 3

7 ─ Erros de transcrición segundo o tipo de erro de medicación:

7.1 ─ Omisión de fármaco en folha de rexistro de medicación:

Non = 0

Si = 1

7.2 ─ Non suspensión de fármaco en folha de rexistro de medicación:

Non = 0

Si = 1

7.3 ─ Erro/omisión nas doses:

Non = 0

Si = 1

7.4 ─ Erro/omisión na vía de administración:

Non = 0

Si = 1

7.5 ─ Erro/omisión na frecuencia/intervalo posolóxico:

Non = 0

Si = 1

Recollida da información

Para a realización deste estudo procedeuse á revisión e cotexo de documentos da historia clínica de pacientes ingresados no hospital do Barbanza, nas unidades de Medicina Interna e de Especialidades Cirúrxicas. Estes documentos están relacionados co tratamento farmacolóxico prescrito e posteriormente administrado ao paciente, como son as ordes médicas (prescricións realizadas polo médico) de tratamento e a folha de enfermería de rexistro de administración de medicación (transcrición da prescrición).

A unidade de análise foron as liñas de tratamento/día. Así pois, estableceuse o número de días de revisión e número de historias necesarias para conseguir un tamaño de mostra axeitado.

O período de colleita de datos foi de entre 25 días nos meses de xullo, agosto e setembro. O momento do día no que se realizou o estudo e rexistro de información foi entre a última hora da vez de mañá, a partir das 14 horas, e nas primeiras horas

da vez de tarde, entre as 15h e as 17h da tarde. Elixíuse este momento como o máis adecuado xa que a última hora da vez de mañá as enfermeiras xa realizaron a revisión das ordes médicas e transcribiron o seu contido na súa folla de rexistro de medicación.

Outro motivo que fixo que este fóra o momento de revisión é que así se podían asignar o erro, en caso de habelo, á persoa que xusto antes fixera a transcripción sen que outro profesional alterase ou modificase o contido desta. Xa que, en moitas ocasións, o erro cometido na transcripción diaria do tratamento é detectado e corrixido por outras enfermeiras doutras quendas de traballo.

En total revisáronse 440 historias pertencentes a 254 pacientes, o total de liñas de tratamento revisadas foi de 4.452. A media de liñas de tratamento por orde médica ascendeu a 10,3 liñas. Sinalar que houbo historias de pacientes que foron revisadas máis dunha vez, pero nunca en días consecutivos. Ao ser ordes médicas de pacientes ingresados os seus contidos son dinámicos, é dicir cada día son modificadas polo médico e a transcripción enfermeira ou ben se modifica ou se refai, polo tanto non se considerou un problema que unha mesma historia se puidese revisar máis dunha vez desde que existe un período de tempo entre revisión e revisión de máis de 48 horas.

A colleita de datos foi realizada por dúas enfermeiras coñecedoras do medio e da dinámica de traballo, pero que na actualidade non desenvolven labores asistenciais nin son membros do equipo das unidades estudadas.

Para o rexistro da información utilizouse un patrón (anexo 3) de fácil formalización, ademais elaborouse unha guía (anexo 4) na que se explicaba a forma de recollida e cada un dos apartados que había que cubrir. Antes de iniciar o proceso de revisión convocáronse as persoas que ían participar nesta tarefa, nun principio catro persoas, e explicóuselles o procedemento que ían seguir e o calendario de días estimados de revisión. Ao final só puidemos facer esta recolleita de dous enfermeiras polo que houbo que cambiar o calendario e aumentar o número de días e o número de historias por persoa para chegar ao tamaño de mostra calculado.

Todos os erros de transcripción detectados foron emendados e corrixidos no momento da súa detección, xa que as persoas encargadas da colleita de datos estabamos autorizadas para iso, polo que os erros derivados da transcripción nunca chegaron ao paciente.

O persoal da planta non foi avisado de que se ía realizar o estudo, pero debido a que era a propia unidade o lugar onde se realizaron as revisións e que se fixo en bastantes días, algúns profesionais interesáronse polo motivo da revisión e explicóuselle. Este aspecto pode ser motivo de nesgo xa que nalgúns casos houbo persoas que recoñeceron que estaban sendo máis coidadosas na súa transcripción de tratamentos e que se preocupaban en saber se cometeran algún erro e en que consistira.

Procesamento da información

Realizouse co paquete estatístico SPSS 12.0 e co Epidat 3.1.

Análise dos resultados

Para a análise univariante dos resultados empregáronse índices estatísticos descritivos para variables cualitativas (tipo proporción). Para o resultado principal calculouse o correspondente intervalo de confianza (IC) do 95%. Para a análise bivariante empregouse a proba de chi-cadrado.

4. Resultados

Os datos obtidos relativos ás liñas de tratamento, follas de rexistro de medicación (transcricións) e pacientes revisados en función da especialidade médica á que pertencen: MI ou QX, quedan reflectidos na táboa 1.


Táboa 1
Descrición da mostra

	MI		QX		Total
	Nº	%	Nº	%	
Liñas de tratamento revisadas	3554	79,8	898	20,2	4452
Follas de tratamento revisadas	322	75,0	109	25,0	431
Pacientes revisados	183	72,0	71	28,0	25

O total de liñas de tratamento revisadas que corresponden a transcricións feitas por enfermeiras fixas + interinas foi de 1928 (42,3%), de enfermeiras eventuais 2314 (52%) e de enfermeiras con contrato Pool 210 (4,7%).

As características da mostra en función da lexibilidade da letra de médico e enfermeira preséntase no gráfico 1.

Gráfico 1
Lexibilidade segundo o profesional



O total de erros de transcripción atopados foi de 180, o que representa unha incidencia de erros de transcripción por liña de tratamento do 4% (IC do 95%: 3,4-4,6%). A media de erros por paciente foi de 0,71.

A distribución de ocorrencia de erros de transcripción segundo o tipo de erro podemos velo representado no gráfico 2.

Gráfico 2
Erros segundo tipo





Gráfico 3
Erros por paciente



O gráfico 3 móstranos a porcentaxe de pacientes en función do número de erros de transcripción que se detectaron nas súas follas de rexistro de medicación.

Sinalar que do total dos pacientes estudados un 35% tivo algún erro de transcripción nas súas follas de tratamento, fronte a un 65% que non presentou ningún erro.

Non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre especialidades (medicina interna e cirúrxicas) con respecto á presenza de erros (3,9 vs. 4,7%; $p=0,280$).

O día da semana tampouco presentou significación estatística en relación coa detección de erros $p=0,121$.

Si se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre as distintas enfermeiras en función do tipo de contrato laboral e a produción de erros. Os datos móstranse na táboa 2.

Táboa 2
Presenza de erros segundo o tipo contrato de enfermería

Erro	Tipo de contrato de enfermeira		
	Fixa + interina	Eventual	Pool
Si	2,5%	4,8%	9%
NON	97,5%	95%	91%

$p < 0,001$

Vemos que o número de erros vai aumentando a medida que diminúe a estabilidade laboral da traballadora.

Con respecto á relación entre tipo de contrato de enfermeira e tipo de erro comisión, atopamos diferenzas estatisticamente significativas en dous deles. Na táboa 3 móstranse as porcentaxes de erro de omisión para cada tipo de enfermeira, vendo que existe maior probabilidade de cometer un erro deste tipo en enfermeiras eventuais e pooles.

Táboa 3
Erros por omisión segundo o tipo de contrato de enfermeira

Erro omisión	Tipo de contrato de enfermeira		
	Fixa + interina	Eventual	Pool
Si	0,1%	0,6%	0,5%
NON	99,9%	99,4%	99,5%

$p=0,002$

Para os erros de frecuencia tamén atopamos diferenzas estatisticamente significativas, sendo as enfermeiras poolas as que máis erros cometen deste tipo (táboa 4).

Táboa 4
Erros na frecuencia en función do tipo de contrato de enfermeira

Erro frecuencia	Tipo de contrato de enfermeira		
	Fixa + interina	Eventual	Pool
SI	0,9%	1,9%	6,7%
NON	99,1%	98,1%	93,3%

$p < 0,001$

Non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas no caso dos demais erros (non suspensión, vía, doses) para os distintos tipos de contratos de enfermeiras.

Non atopamos diferenzas estatisticamente significativas entre a presenza de erros e a lexibilidade da letra do médico ($p=0,076$) nin da lexibilidade da enfermeira ($p=0,651$).

Se analizamos os distintos tipos de erros detectados en función da especialidade médica á que corresponde a folha de tratamento revisada atopamos diferenzas estatisticamente significativas no caso dos erros de non suspensión, existindo maior frecuencia de erros no caso de pacientes de medicina interna que nos das especiais cirúrxicas (1,01 vs. 0,11%; $p=0,014$). Ao contrario ocorre cos erros de frecuencia, que predominan no caso dos tratamentos cirúrxicos fronte aos de medicina interna (3,45 vs. 1,27%; $p < 0,001$).

Para o resto de tipoloxía de erros non se detectaron diferenzas estatisticamente significativas, así temos que para o tipo de erro de doses $p=0,199$, para a omisión de fármaco $p=0,966$ e para o erro de vía de administración $p=0,954$.

5. Discusión

Cuantificar a dimensión dun problema é un primeiro paso para intentar abordalo, e este foi o obxectivo deste estudo, saber que pasa na fase de transcripción de medicación de enfermería, cantos erros se producen, de que tipo son e que posibles causa contribúen á súa aparición. Recoñécese que é unha fase do sistema de utilización de medicamentos que non debería existir, de feito, no circuíto do sistema de utilización de medicamentos definido pola Joint Comisión (JCHCO) nin sequera aparece. Pero a realidade demóstranos que aínda en moitos centros hospitalarios do noso contorno máis inmediato se traballa con esta

sistemática. Polo momento non se estableceu como prioritario dentro da informatización da historia clínica a prescrición electrónica, aínda cando moitos estudos nos falan de que esta é unha ferramenta moi poderosa que permitiu diminuír de forma significativa os erros de medicación (20-21).

Do total das liñas de tratamento revisadas, máis das tres cuartas partes corresponderon a pacientes dependentes do servizo de medicina interna e só un 20,2% corresponderon a pacientes de especialidades cirúrxicas. Isto foi debido a que o número de pacientes ingresados durante o período do estudo diminuíu por mor da redución da actividade cirúrxica e doutra cuestión coxuntural, como foron as obras de acondicionamento nunha das plantas de hospitalización, a cirúrxica, que fixo que máis da metade dos dormitorios estivesen pechados. Estes factores influíron en que a historia de algún dos pacientes tivese máis dunha revisión e en que a maior parte de pacientes resultantes do estudo pertencían á especialidade de Medicina Interna.

Os meses de realización do estudo coincidiron co verán e polo tanto cunha maior mobilidade do persoal dentro cada unha das unidades estudadas, o que supuxo que o maior número de transcricións realizadas correspondesen a persoal temporal. A vantaxe de utilizar este período de estudo está precisamente en poder analizar a relación dos erros cos diferentes tipos de contrato de enfermería.

Outra limitación que podemos atopar no estudo é que os días de revisión foron sempre laborais de luns a venres, o que implica que non sabemos que ocorre en días festivos ou os fins de semana.

A lexibilidade da letra é unha variable que pode comportar a maior subxectividade en función da persoa que a estude, pero aínda así inclúese como variable relevante e posible causa na aparición de erros. As persoas que realizaron as revisións eran enfermeiras familiarizadas coas letras do persoal estudado, polo que pode influír nos baixos porcentaxes de mala lexibilidade. Aínda que noutros estudos sobre o tema, as dificultades de lexibilidade se atoparon nunha porcentaxe moi pequeno ou incluso nulas (17-21). A pesar de non obter relación entre o tipo de letra e a aparición de erros, si que se pode ver que o persoal de enfermería ten unha maior preocupación á hora de transcribir a información da medicación que o persoal médico á hora de prescribir.

Existe un importante número de estudos sobre incidencia de erros de medicación, e en case todos se resalta a dificultade para establecer comparacións entre resultados cando a metodoloxía, variables e enfoque que se propoñen son moi variadas (20). A maior parte de investigacións realizadas na nosa contorna foron levadas a cabo por farmacéuticos e os erros que maioritariamente se estudaron foron os de prescrición, transcrición do farmacéutico e de dispensación.

Pero podemos atopar algúns resultados que poden orientarnos no que fai á ocorrencia de erros de transcrición de enfermería en hospitais españois. Así, no

Os estudos que hai sobre o tema, aínda coincidindo a maioría na non influencia do tempo de transporte sobre os valores de pH en viaxes de curta e media duración, non se fixeron en condicións que permitan comparalos, xa que empregan animais de varias razas distintas (5,4), de idades distintas, de distintas aptitudes. Deste xeito é imposible delimitar cal é a influencia do tempo de transporte e separala dos demais factores que como vimos tamén lles afectan ós valores de pH-24.

Outros foron feitos principalmente en países latinoamericanos, nos que a lexislación existente en materia de benestar animal está moi por baixo da que hai na Unión Europea e as distancias aos lugares de sacrificio son, polo xeral, moito maiores e en peores condicións.

Ao delimitar o grupo de estudo a unha soa raza, dunha determinada idade, peso e condición sexual e corporal, o número de individuos que se axeitán é unha pequena porcentaxe de todo o gando que se sacrifica no matadoiro, polo que o traballo de recollida de documentación previo á determinación do pH é custosa. Hai que separar aproximadamente 15-20 animais dos 320 que se sacrifican diariamente e dispoñer do tempo preciso para facer as medicións ás 24 horas tras o sacrificio, todo iso en xornada laboral e no período de vacacións, cando a metade dos inspectores dos Servizos Veterinarios Oficiais se atopan de vacacións.

Outra dificultade é a determinación exacta do tempo de transporte que é imposible facela con precisión, pois ós propios transportistas non lles interesa dar os datos reais, xa que por razóns de benestar animal se lles obriga a efectuar unhas paradas, descansos, descargas e subministro de auga e alimentos a intervalos establecidos segundo o tempo de transporte.

7. Conclusións

Un axeitado manexo antemortem do gando inflúe claramente en que a calidade da carne sexa maior, e xa que logo, tamén o seu valor comercial.

O tempo de transporte ten pouca influencia nos resultados de pH obtidos ás 24 horas tralo sacrificio.

Un transporte en boas condicións mellorará a calidade da canal, pero é moi difícil diferenciar a influencia do tempo dos outros factores que durante o transporte afectan á calidade da carne.

A lexislación sobre benestar animal, á parte de ser precisa para un trato axeitado do gando, é tamén beneficiosa á hora de obter carne de calidade e maior rendemento económico das canais, aínda que non é posible afirmar que este efecto sexa o suficientemente importante como para que os transportistas e consignatarios o vexan como unha perda de beneficio económico, o que facilitaría a súa implantación (12) .

Referencias bibliográficas

- 1 CABRERO, POVEDA M.(1991). Factores que definen las características cualitativas de la carne. *Bovis*, 38: 39-70
- 3 GRANDIN, T (1999). Easy tips for low stress cattle handling. *Large animal Practice* 20 (5): 28,30-33
- 3 MORENO GRANDE, A., V. RUEDA NUÑEZ, Y A.L. CEULAR VILLACÉ. (1999) **Análisis cuantitativo del Ph de canales de vacuno en matadero.** Arch. Zootec.48:33-42. 2000
- 4 GINO MARIÑO A. , MIGUEL VILCA L. Y DAPHNE RAMOS D. (2005) **Evaluación del pH en toros Holstein y Nelore.** Rev. Invstig. vet. Perú. 2005. 16: 90-95.
- 5 SHACKELFORD S.D., KOOHMARAIE M. , WHEELER T.L., CUNDIFF L.V, DICKEMAN M.E.. (1994) **Effect of Biological type of calle on the incidence of the dark firm and dry condition in the Longissimus Muscle.** J Anim Sci 1994 72: 337-343
- 6 MONSÓN,F., SAÑUDO,C,Y SIERRA ,I. PH, capacidad de retención de agua y color de la carne de cuatro razas de vacuno. ITEA, 22(2): 538
- 7 SWANSON J.C. AND MORROW TESCH J (2001). **Cattle transport : historical , research , and fututre perspectives.** J. Anim. Sci 201.79: E102-E109
- 8 GRANDIN.T. **Assessment of stress during handling and transport.**(1997) J.Anim.Sci.(1997), 75:249-257
- 9 TARRANT, P.V.AND SHERINGTON. (1980) **An investigation of ultimate pH in the muscle of commercial beef carcasses.** Meat Science, 4 : 287-297
- 10 KING D.A., PFEIFFER K.D., ADAMS C.L.,HALE D.S, AND SAVELL J.W.. **Variation of muscle color and pH of beef carcasses selected from a commercial processing facility.** Meat Science
- 11 VILLARROEL, M., MARÍA, G., SAÑUDO, C., GARCÍA-BELENQUER ,S., CHACÓN, G., GEBRESENBET, G., . **Efecto del transporte comercial en España en el bienestar del ganado y la calidad de la carne.** DTW. Deutsche tierärztliche Wochenschrift ISSN 0341-6593
- 12 LEVRINO, GUSTAVO MARÍA. **Transporte de ganado bovino, bienestar animal y calidad de la carne.** Proyecto Europeo CATRA. Grupo de Bienestar Animal y Calidad.

Capítulo 3

Seroprevalencia da rubéola, a infección por *Helicobacter pylori*, e o herpes xenital causado por Herpes simplex tipo 2 (HSV-2) en doadores de sangue de Galicia

Sandra María Costoya Coira

Bióloga. Centro de Transfusións de Galicia

Manuel J. Garrido Outeiro

Bioquímico. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

TITORA

Luisa Abraira García

Técnica do Servizo de Epidemioloxía

Dirección Xeral de Saúde Pública



Resumo

Introdución. Os estudos de prevalencia estiman a proporción da poboación con anticorpos detectables. A análise da distribución xeográfica dos valores de prevalencia, así como a súa variación coa idade permiten definir o que se coñece como o perfil serolóxico dunha poboación. En Galicia planificouse a realización dun novo estudo de seroprevalencia no 2006 co obxectivo de examinar e describir a porcentaxe de individuos inmunes, por idade e provincia, fronte a: rubéola, *Helicobacter pylori* e o Herpes simplex tipo 2 (HSV-2).

Obxectivos. (1) estudar a taxa de protección da poboación fronte ao virus da rubéola; (2) estimar a prevalencia da infección por *H. pylori* e HSV-2 na poboación galega; (3) determinar se existen diferenzas de seroprevalencia das devanditas doenzas segundo a distribución xeográfica, grupos de idade e sexo.

Material e métodos. O estudo realizouse cun grupo de 3040 doadores galegos, constituíndo unha mostraxe representativa da poboación xeral e con idades comprendidas entre 18 e 67 anos. O diagnóstico da infección foi levado a cabo mediante técnicas inmunoquímicas, para determinar cuantitativa ou semicuantitativamente os anticorpos IgG específicos contra o *H. pylori*, rubéola e HSV-2.

Resultados. En total estudáronse 3040 suxeitos, obténdose unhas taxas de protección para a rubéola superiores ao 95%. As súas distribucións por provincias e grupos de idade non mostraron diferenzas significativas entre elas. Para a infección por *H. pylori*, a prevalencia global sitúase en torno ao 50% (47,8-51,3%), mostrando un patrón de distribución por provincias significativamente variable. Ademais, a prevalencia aumentou claramente coa idade. No caso do HSV-2 a prevalencia foi do 4.9% (4,1-5,7%), sendo de case o dobre nas mulleres con respecto aos homes. Non se observou un patrón xeográfico evidente, de xeito que a súa distribución por provincias pode considerarse homoxéneo. No entanto, a prevalencia aumentou coa idade, se ben permaneceu estable no último grupo de idade.

Conclusións. (1) a taxa de protección fronte á rubéola en Galicia é superior ao 95%; (2) a prevalencia de *H. pylori* diminúe nas cohortes máis mozas; (3) o HSV-2 posúe un patrón tipicamente observado en doenzas de transmisión sexual (ETS), mostrando unha prevalencia similar á estimada en poboacións do noso contorno.

1. Introducción

Os estudos de seroprevalencia permítennos coñecer o grao de inmunidade da poboación fronte a determinadas doenzas e así definir un perfil serolóxico. Ademais, contribúen a un mellor coñecemento da epidemioloxía destas. En Galicia planificouse a realización dun estudo de seroprevalencia no 2006 co obxectivo de examinar e describir a porcentaxe de individuos inmunes, por idade, sexo e provincia, fronte a diferentes axentes infecciosos, entre os cales se atopan o virus da rubéola, a bacteria *Helicobacter pylori* e o virus Herpes simplex tipo 2.

A rubéola é unha doenza vírica, xeralmente leve e autolimitada que confire inmunidade unha vez superada. Non obstante, nos casos de transmisión vertical nai-feto ten especial importancia sanitaria debido a que afecta o embrión durante os primeiros meses de xestación. Así, pode ocasionar nel graves efectos, tales como cataratas conxénitas, diminución da viabilidade fetal, etc. O conxunto destes efectos constitúe a chamada síndrome de rubéola conxénita. Co obxectivo de prever esta síndrome, en numerosos países instauráronse programas preventivos consistentes na vacinación sistemática da poboación. En España comezouse a vacinar en 1979 exclusivamente a nenas de 11 anos, medida que se estendeu no ano 1982 (1) a toda a poboación infantil (vacináronse a partir dos 15 meses de idade). No ano 1995, o Goberno español aprobou un novo calendario que incluía unha segunda doses aos 11 anos, que acadou a nenos/as nados a partir de 1984. Datos publicados a partir do ano 2000 en Galicia, mostran que a incidencia da rubéola é moi baixa. Os poucos casos que se detectan non se concentran nin no espazo nin no tempo, e desde hai anos xa non se observan signos de estacionalidade nin xermolos de importancia. De feito, a protección acadada pola nosa poboación é superior ao 95%, habendo 0,5 casos por cada cen mil habitantes. Así, pode dicirse que a rubéola está case erradicada de Galicia (2,3). Con todo, os patróns epidemiolóxicos desta doenza difiren dun país a outro.

Por exemplo, naqueles onde non hai programas de vacinación obrigatorios adoitan producirse epidemias cada 6-9 anos e increméntanse os casos de rubéola no embarazo, co conseguinte incremento de casos de rubéola conxénita (4,5). A situación con respecto a Galicia ilustra claramente o forte descenso no número de casos de rubéola desde a introdución da vacina.

A infección pola bacteria *Helicobacter pylori* é unha das máis comúns en seres humanos. Aínda que a maioría dos infectados non mostran manifestacións clínicas, sábese que este patóxeno está implicado en doenzas específicas como a úlcera péptica gastroduodenal ou o adenocarcinoma (6). Certos estudos epidemiolóxicos estiman que polo menos a metade da poboación mundial podería ser infectada por esta bacteria. A prevalencia da infección parece estar ligada a factores socioeconómicos. Debido ao carácter crónico da doenza, o recoñecemento dos anticorpos IgG, específicos do axente causal, permite en programas de recoñecemento, o prescindir de exames invasivos máis custosos e menos practicables para grandes mostras (7).

O virus Herpes simplex tipo 2 (HSV-2), causa a doenza de transmisión sexual (ETS) máis común mundialmente (8). Normalmente produce episodios recorrentes de chagas ou úlceras na área xenital. Estudos recentes de seroprevalencia, mostran que en países desenvolvidos, a infección por HSV-2 é máis común do que inicialmente se pensou (9,10). En Estados Unidos, por exemplo, esta infección afecta aproximadamente a 1 de cada 5 persoas de 12 anos ou máis idade, a maioría delas mulleres. Porén, a prevalencia parece ser menor en Europa, variando entre un 5-10% na área Mediterránea (11). Mostra un patrón serolóxico típico dunha ETS, é dicir, escasa ou nula prevalencia na idade pre-sexual aumentando ata acadar un pico en torno ao cal se estabiliza.

2. Obxectivos

Dado o interese destes estudos para avaliar o alcance dos plans de vacinación xa instaurados no caso da rubéola ou para estimar a prevalencia en Galicia do H. pylori e HSV-2 en beneficio dunha posible actuación sanitaria, estudáronse as patoloxías indicadas incidindo nos seguintes puntos:

- ▣ Estimar a taxa de protección da poboación fronte ao virus da rubéola.
- ▣ Indagar a prevalencia da infección por H. pylori na poboación galega, así como a prevalencia fronte ao HSV-2.
- ▣ Analizar se existen diferenzas significativas na seroprevalencia das devanditas doenzas por distribución xeográfica, grupos de idade e sexo.

3. Material e métodos

Poboación a estudo

O tamaño dunha mostra determinouse co fin de proporcionar estimacións independentes por provincias e grupos de idade, considerándose os seguintes grupos: 18 a 24, 25 a 29, 30 a 39 e 40 a 67. O tamaño resultante repartiuse proporcionalmente por xénero segundo os datos da revisión do Padrón de 2005 (ANEXO 1). Para garantir a representatividade xeográfica. Estes tamaños repartíronse proporcionalmente por comarcas segundo os datos de doazón do ano 2005, os cales foron ofrecidos polo Centro de Transfusión de Galicia (CTG). Agrupáronse as comarcas nas que resultou un tamaño de mostra inferior a 20, seguindo un criterio de proximidade xeográfica. Dado que o estado inmunitario da poboación non está ligado á decisión de doar sangue e ningunha das doenzas estudadas é causa de exclusión á hora de doar, este marco da mostra permite a extrapolación dos resultados á poboación xeral.

Variables analizadas e técnicas serolóxicas

No 2007 foron seleccionados no CTG un grupo de 3040 doadores galegos, constituíndo unha mostraxe representativa da poboación xeral e con idades comprendidas entre 18 e 67 anos. As variables incluídas no estudo foron as seguintes:

- ▣ Presenza de anticorpos fronte a: virus da rubéola, *Helicobacter pylori* e virus Herpes Simplex tipo 2.
- ▣ Variables demográficas do individuo: idade, xénero, comarca e provincia de residencia.

As mostras de sangue procesáronse para estudar a seroprevalencia das patoloxías descritas e outras non comentadas, quedando excluídos aqueles doadores que non asinaron o correspondente consentimento informado (ANEXO 2). As técnicas serolóxicas realizadas no CTG consistiron nun ensaio inmunoenzimático para a determinación cuantitativa ou semicuantitativa de anticorpos IgG específicos contra *H. pylori*, rubéola e Herpes simplex tipo 2, en mostras de plasma humanos. A técnica baséase na unión dos anticorpos IgG específicos, existentes nas mostras da investigación aos antíxenos fixados nos pocillos das microplacas. A intensidade da coloración é proporcional á cantidade dos IgG específicos de *H. pylori* e o virus da rubéola existentes nas mostras. A cuantificación en unidades de Enzygnost (Ou/ml) efectuouse mediante cálculos segundo o método alfa. No caso do HSV-2, a coloración detectouse e mediuse nun lector de microplacas Elisa a 450 nm. Os resultados expresáronse como positivo ou negativo en función dun determinado cut-off calculado para unha óptima eficacia diagnóstica (táboa 1). As mostras foron procesadas tras a súa utilización no escrutinio diario das doazóns.

Táboa 1
Características das técnicas serolóxicas

MARCADOR IgG	Técnica Suixerida	Cut-off usado	Sensibilidade	Especificidade
Rubéola	Enzygnost® (alfa-mét.)	4 UI/ml	99,6	100
HSV-2	Novagnost (curva cal)	10 U arbitrarias	87,5	94,1
H. Pylori	Enzygnost® (alfa-mét.)	10 U/ml arbitrarias	96,8	98,8

Enzygnost e Novagnost son reactivos de Dade-Behring para os seu proceso en BEP 2000. Entre os reactivos coñecido, os de DB son os que mellor se adaptan ás características das mostras.

Análise estatística

Os datos foron introducidos nunha base de datos utilizando o programa Office Excel 2007. Posteriormente, foron analizados empregando o programa Epidat 3.1 e Statgraphics 5.0. Para o contraste de independencia de variables utilizouse o test de Ji-cuadrado cun nivel de confianza do 95%.

4. Resultados

As prevalencias correspondentes á análise das 3040 mostras reflíctense na táboa 2.

Táboa 2
Prevalencia das patoloxías (cut-off de táboa 1)

	Rubéola			H.pylori			HSV-2		
	N	%	IC95%	N	%	IC95%	N	%	IC95%
Positivos	2937	96,6	96,0-97,3	1506	49,5	47,8-51,3	148	4,9	4,1-5,7
Negativos	103	3,4	2,7-4,1	1534	50,5	48,7-52,3	2892	95,1	94,4-95,9

É salientable que a taxa de protección da rubéola supera o 95%, a prevalencia da infección causada por H. pylori é da orde do 50%, mentres que a do HSV-2 non superou o 5%. Despois de analizar polo miúdo os datos segundo patoloxías, obtivéronse as taxas de protección para a rubéola distribuídas por provincias e grupos de idade. Isto permitiu comprobar que non hai diferenzas significativas asociadas a estas variables (figuras 1 e 2).

Figura 1
Taxas de protección en % e IC ao 95% fronte á rubéola e a súa distribución por provincias





Figura 2

Taxas de protección en % e IC ao 95% fronte á rubéola por grupos de idade



Grupos de idade por anos


Observáronse diferenzas significativas segundo o xénero para as cohortes de 1983-1979 e 1978-1969, que se corresponden cos grupos de idade de 25-29 e 30-39 anos respectivamente ($p < 0,01$; táboa 3). A taxa de protección nas mulleres é superior ao 95% en todas as cohortes, mentres que nos homes é lixeiramente inferior, aínda con taxas superiores ao 90% en todos os grupos.

Táboa 3


Casos e porcentaxes positivas segundo sexo e grupo de idade para a rubéola

	HOME				MULLER			
	TOTAL	N	%	IC95%	TOTAL	N	%	IC95%
18-24	293	289	98,6	96,5-99,6	287	276	96,2	93,8-98,6
25-29	251	248	98,8	96,5-99,8	248	225	90,7	86,9-94,5
30-49	468	458	97,8	96,4-99,3	457	432	94,5	92,3-96,7
50-67	527	511	96,9	95,4-98,5	509	498	97,8	96,5-99,2

O patrón de distribución xeográfico de prevalencias da infección por *H. pylori* revelou diferenzas entre provincias ($p < 0,01$) (figura 3).




Ademais, a distribución é claramente dependente da idade ($p < 0,001$), aumentando a prevalencia da infección con ela (figura 4), sendo a máxima do 68,2% (65,4-71,1%) no grupo de maior idade fronte á que se observa no grupo máis novo do 27,4% (23,7-31,1%). Estas taxas son continuamente decrecentes desde o grupo de maior idade ata acadar o máis novo.




Con respecto ao HSV-2 observouse dependencia da prevalencia da infección coa idade ($p < 0.001$) (figura 5). Así, é case inexistente no grupo máis mozo 1,4% (0,3-2,4%) e progresivamente aumenta ata acadar un pico para a idade de 40 anos 5,9% (4,4-7,5%) onde se estabiliza 6,4% (4,8-7,9%) non diferenciándose do grupo anterior.

Figura 5
**Prevalencia en % e IC al 95% para a infección por HSV-2
 estratificado por grupos de idade**



En canto á distribución por provincias non se observaron diferenzas significativas (figura 6).

Figura 6
**Distribución xeográfica das porcentaxes de prevalencia en % e IC al 95%
 para o HSV-2**



Finalmente analizouse a estratificación por xénero para as tres doenzas (táboa 4). Non se evidenciaron diferenzas entre xéneros para a infección por *H. pylori*, ao contrario que para as viroses ou (viríases) ($p < 0,01$ e $p < 0,001$; rubéola e HSV-2 respectivamente). Salienta a existencia dunha taxa feminina que case duplica a masculina no caso do HSV-2 (6,0 vs. 3,7%).

Táboa 4

Casos e porcentaxes estratificadas por sexo para as diferentes patoloxías obxecto de estudo

	Rubéola			H. pylori			HSV-2		
	N	%	IC95%	N	%	IC95%	N	%	IC95%
Home	1431	95,3	96,0-97,3	746	49,7	47,1-52,3	56	3,7	2,7-4,7
Muller	1506	97,9	97,1-98,6	760	49,3	46,9-51,9	92	6,0	4,8-7,2

5. Discusión

Rubéola

Ao analizar os datos da rubéola cómpre salientar que a poboación galega está globalmente protexida por riba do 95%, non ocorre así no estrato correspondente ao grupo de idade de 25-29 anos no que é lixeiramente inferior pero superior ao 90% (táboa 3; figura 2). Observáronse diferenzas significativas nas taxas de protección segundo o xénero, e aínda que non hai diferenzas globais para as taxas estratificadas por idade, son inferiores as taxas dos grupos centrais. Isto explícase se combinamos os datos de idade segundo o sexo. Así, observáronse para as idades comprendidas entre 25 e 39 anos taxas de protección de varóns inferiores ás das mulleres (táboa 3). Este dato coincide coa implantación do calendario de vacinación da rubéola en Galicia, iniciado en 1979 coa vacinación de nenas de 11 anos (cohorte 1968) e que foi que no ano 1995 estendido a nenos e a nenas cunha segunda dose aos 11 anos (cohorte 1983) (2). Polo tanto o período 1968-1983 que corresponde coas idades 40-25 anos houbo vacinación feminina e a inmunidade en homes obtívose por procesos naturais. Nas cohortes anteriores a inmunización adquirida de forma natural igualou as prevalencias entre sexos e nas posteriores foron vacinados ambos sexos por igual, desaparecendo pois as diferenzas. A protección en todos os estratos femininos (superior ao 95%), que serían os directamente implicados na Síndrome de Rubéola Conxénita é alta e os casos incidentes moi baixos. No período 2000-2007 segundo datos do “Sistema Xeral de Notificación Obligatoria de Enfermidades” (SXNOE) (12) de Galicia, notificáronse 120 casos totais de rubéola cun máximo no ano 2000 de 53 casos para unha poboación galega estimada de acordo co padrón de 2,731.900 constituíndo unha taxa de 1,94 por cada cen mil

habitantes. A partir deste ano as notificacións minguaron declarándose en 2007 tan só 4 casos. Esta baixa incidencia inferior ao 1 por 100.000 para a notificación e a alta taxa de protección observada permiten considerar a enfermidade como eliminada en Galicia e cumprir coa recomendación da OMS para Europa no período 2005-2010.

Helicobacter pylori

Para o diagnóstico da infección utilizouse a determinación cuantitativa de anticorpos IgG específicos contra o *H. pylori*. A prevalencia global obtida en torno ao 50% é semellante á presentada en estudos efectuados en Cataluña, Euscadi, Asturias, Andalucía e Madrid, e inferior á do estudo conducido pola Unidade de Investigación do Complexo Hospitalario de Ourense, no que a prevalencia obtida foi do 69,1%6, claramente superior á que nós estimamos en Ourense (54,1; 50,4-57,9 %).

Na literatura médica fálase de que a transmisión desta enfermidade, aínda sen estar claramente especificada, presenta un máximo de incidencia antes dos 4-5 anos (13,14) diminuíndo rapidamente coa idade e sendo moi pequena na idade adulta (cocientes de incidencia de (0,3-0,7%) (14,15). Ademais varios estudos de cohortes prospectivos demostraron que a prevalencia está a diminuír (15,16). Isto asóciase cun aumento dos hábitos hixiénicos, da educación sanitaria e da diminución da pobreza. A devandita tendencia observouse nos nosos datos (figura 5). Como a taxa de incidencia é desprezable a partir dos 18 anos e a maioría de contaxios producíronse na primeira infancia, o que se observou é que segundo as cohortes son máis novas a prevalencia da enfermidade diminúe sendo na máis nova aproximadamente 1/3 da estimada na da de maior antigüidade (efecto cohorte). Este feito coincide co observado en países da nosa contorna e vese reforzado coa observación dunha diminución de patoloxía ulcerosa no noso país e arredores, enfermidade fortemente relacionada con esta infección (17,18). A dependencia coa idade podería explicar a diferenza achada con Ourense no caso de que existise unha diferenza de idade entre as mostras ourensás e as incluídas no noso traballo.

Un achado sorprendente é a detección de diferenzas estatisticamente significativas no nivel de prevalencia entre provincias (figura 3). Lugo é a provincia que posúe menos casuística e Ourense a máis afectada. Isto non é facilmente explicable, pois unha posible influencia socioeconómica faría que Lugo e Ourense posiblemente estivesen á vez e mostrasen diferenzas coas provincias de Coruña e Pontevedra, máis urbanas e con maior PIB. Doutra banda un estudo xeográfico-temporal non mostra un acontecemento puntual significativo sendo o patrón xeográfico, homoxéneo para o distintos grupos de idade (datos non mostrados). Unha posibilidade apuntada por investigadores suramericanos (19,20) consiste na asociación entre infección por *H. pylori* e o polimorfismo sanguíneo ABO. Unha análise da distribución xeográfica do *H. pylori* estratificada por polimorfismo ABO permitiría testar esta hipótese.

Herpes simplex tipo 2

A infección por HSV-2, é unha ETS que afecta en EEUU aproximadamente ao 25% da poboación, sendo unha enfermidade con períodos de latencia e procesos sub-clínicos que fai que estea infra-dagnosticada, o que contribúe á súa dispersión (21). Con todo, a frecuencia en zonas de Europa parece ser inferior, estimándose prevalencias do 5-10% na área Mediterránea (11,22). No noso estudo calculouse unha taxa total da orde do 5%. O patrón de adquisición do HSV-2 como todas as ETS posúe un comportamento dependente da idade, no que apenas está presente na adolescencia, aumenta coa idade até un pico situado ao redor dos 40 anos e nos seguintes anos estabilízase. Esta progresión observouse na nosa mostra (figura 5). A infección é practicamente inexistente antes dos 18 anos (0,3-2,4 %), aumenta até os 39 anos (4,4-7,5 %) e logo non progresa (4,8-7,9 %), existindo correlación entre o aumento de casos infectados e os grupos de idade sexualmente máis activos e/ou posiblemente promiscuos.

Tamén se observa unha maior prevalencia da enfermidade entre as mulleres que entre os homes, iso explícase por factores que predispoñen o xénero feminino para a adquisición do virus (23). Non se apreciou ningún patrón xeográfico evidente. As ETS, ao contrario que a infección causada por *H. pylori*, son patoloxías en aumento. Os datos presentados correspondentes a unha mostra seleccionada no 2006 achegan un coñecemento epidemiolóxico de base para viaxiar a evolución do HSV-2 en Galicia e valorar no seu caso a implantación de programas preventivos de saúde sexual e afíns.

6. Limitacións e dificultades

Unha das limitacións do estudo consiste en que non se incluíron datos correspondentes á poboación inmigrante residente en Galicia, o cal podería variar sensiblemente os datos obtidos, especialmente os referidos a *H. pylori* e HSV-2. Algúns traballos sinalan que os ELISAs comerciais non son suficientemente específicos para a determinación de anticorpos contra *H. pylori*, o que pode dar lugar a falsos positivos (24,25). Con todo, cabe apuntar, que a maioría dos estudos epidemiolóxicos sobre este patóxeno fanse con seroloxías, pois outros métodos de determinación, tales como a biopsia, a detección de antíxeno en antíxeno feces ou o test alento, son dificilmente practicables en mostras grandes. Tampouco convén esquecer que a mostra de doantes pode mostrar un rumbo no sentido de que acodes que pertencen a grupos de risco ou padecen determinadas patoloxías son habitualmente rexeitados como doantes.

7. Conclusións

Rubéola

A taxa de protección en Galicia fronte á rubéola é alta, superior ao 95%, e os casos declarados nos últimos anos están por abaixo do 1 por cen mil habitantes. Isto permite concluír que a enfermidade en Galicia está practicamente eliminada, polo que se cumpren os obxectivos recomendados pola OMS para Europa durante o período 2005-2010. A estratificación das cohortes segundo o xénero reflicte o programa específico de vacinacións seguido en Galicia, o cal debería de deixar de observarse nos próximos anos.

Helicobacter pylori

As prevalencias estimadas neste estudo foron similares ás obtidas noutros traballos realizados en poboacións de noso. Ademais, obsérvase que a prevalencia diminúe nas cohortes máis novas. Este resultado suxire un descenso drástico da enfermidade no futuro.

Herpes simplex tipo 2

A infección causada por este virus revelou un patrón epidemiolóxico dependente das idades sexualmente máis activas, tal e como é característico das ETS e comprobouse noutras poboacións da nosa contorna xeográfica. Os datos parecen indicar que nos atopamos no rango inferior das prevalencias atopadas na área Mediterránea. Hai unha prevalencia superior en mulleres que en homes.

8. Agradecementos

Os autores desexan expresar a súa gratitude a Xurxo Hervada Vidal, Subdirector Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información (Dirección Xeral de Saúde Pública) pola súa colaboración na obtención dos datos deste traballo; á dirección do Centro de Transfusión de Galicia e a Luisa Abreira García, Técnico Superior do Servizo de Epidemioloxía da DXSP e titora do presente proxecto.

Referencias bibliográficas

- 1 Disponible en DXSP. *Boletín Epidemiológico de Galicia*. Enquisa Galega de Seroprevalencia 2001. vol. XV/2002, nº 6.
- 2 Disponible en DXSP. *Boletín Epidemiológico de Galicia*. Situación da rubéola e da síndrome da rubéola conxénita en Galicia. vol. XIX/2006, nº 5.
- 3 DXSP. *Boletín Epidemiológico de Galicia*. Comentario epidemiológico das enfermidades de declaración obrigatoria: Galicia, 2006. vol. XX/2007, nº1.
- 4 Man C, Umido V, Bakir J, Caparelli M, Copiz A, Castillo C, Gentile A. Evaluación del impacto de la vacunación en la epidemiología de la rubéola y el síndrome de la rubéola congénita en la Argentina. *Rev Hosp. Niños BAires*. 2005; Volumen 47, nº 214.
- 5 Sociedad Argentina de Pediatría. Comité Nacional de Infectología. Consenso de infecciones perinatales. *Rubéola. Arch Argent Pediatr*. 1999; 97(3): 169-173.
- 6 Macenlle R, Gayoso P, Sueiro R.A, y Fernandez J. Prevalencia de la infección por *Helicobacter pylori* en la población general adulta de la provincia de Orense. *Rev Esp Enferm Dig*. 2006; 98(4): 241-248.
- 7 Cutler A.F, Havstad S, Ma C.K, et al. Accuracy of invasive and non-invasive test to diagnose *Helicobacter pylori* infection. *Gastroenterology* 1995; 109: 136-41.
- 8 Boletín Médico de la Federación Internacional de Planificación de la Familia (IPPF). Marzo 2006, tomo 40 Nº1.
- 9 Smith J.S, Robinson NJ. Age-specific prevalence of infection with *Herpes simplex virus* types 2 and 1: a global review. *J Infect Dis*. 2002; 186 (Sup. 1):S3-28.
- 10 Rabenau H.F, Buxbaum S, Preiser W, Weber B. and Doerr H.W. Seroprevalence of *Herpes simplex virus* types 1 and type 2 in Frankfurt am main area, Germany. *Med. Microbiol. Immunol*. 2002; 190: 153-160.
- 11 www.seimc.org/control/revi_viro/herpesgen.htm
- 12 www.sergas.es/edoweb/index.html
- 13 Rowland M, Daly L, Vaughan M et al. Age-Specific Incidence of *Helicobacter pylori*. *Gastroenterology* 2006; 130: 62-72.
- 14 Malaty H, El.Kasabany, Graham D et al. Age of acquisition of *Helicobacter pylori* infection: a follow-up study from infancy to adulthood. *Lancet* 2002; 359: 931-35.
- 15 Logan R and Walker M. Epidemiology and diagnosis of *Helicobacter pylori* infection. *BMJ*; 323: 920-922.
- 16 Kawakami E, Machado R, Ogata S et al. Decrease in Prevalence of *Helicobacter pylori* infection during a 10-year period in Brazilian children. *Arq Gastroenterol*. 2008; 45: 147-151.
- 17 Pérez M, Del Pino D, Siles M et al. Clinical Trends in ulcer diagnosis in a population with high prevalence of *Helicobacter pylori* infection. *Aliment Pharmacol Ther*. 2005; 21: 65-72.
- 18 Coggon D, Lambert P, Langman MJ. 20 years of hospital admissions for peptic ulcer in England and Wales. *Lancet*. 1981; 1: 1302-1304.
- 19 Bermudez C, Insuasty J, and Gamarra G. Blood group A and gastric cancer risk in the Hospital Universitario de Santander (Bucaramanga, Colombia). *Acta Med Colomb*. 2006; 31(4): 400-410.
- 20 Gonzalez P, Diaz J, y Salgado E. Grupos sanguíneos ABO como factor riesgo en la infección por *Helicobacter pylori*. *Rev. Gastroent. Perú*. 2000; 20(4): 370-375.
- 21 Fujie Xu, Sternberg M, Kottiri B et al. Trends in *Herpes Simplex Virus* Type 1 and Type 2 Seroprevalence in the United States. *JAMA*. 2006; 296(8): 964-973.
- 22 Disponible en www.fisterra.com/guias2/ulcera_genital.asp

-
- 23 Garcia-Corbeira P, Dal Re R, Aguilar L, Granizo JJ, Garcia-de-Lomas J. Is sexual transmission an important pattern for *Herpes simplex* type 2 virus seroconversion in the Spanish general population? *J Med Virol.* 1999; 59: 194–197.
 - 24 Garcia E, Castro M, Romero M et al. The effectiveness of (IgG-ELISA) serology as an alternative diagnostic method for detecting *Helicobacter pylori* in patients with gastro-intestinal bleeding due to gastro-duodenal ulcer. *Rev Esp Enferm Dig* 2002; 94(12): 725-36.
 - 25 Rolv-Ole L, Roar J, Tor Jac E et cols. Accuracy of *Helicobacter pylori* serology in two peptic ulcer populations and in healthy controls. *World J Gastroenterol.* 2008; 14(32): 5039-5045.

Anexo 1

		18 a 24	25 a 29	30 a 39	40 a 64	Total
A CORUÑA	Homes	98	61	129	121	409
	Mulleres	97	59	136	128	420
	Total	195	155	269	270	829
LUGO	Homes	67	79	132	134	412
	Mulleres	77	76	137	136	426
	Total	144	155	269	270	838
OURENSE	Homes	51	54	109	131	345
	Mulleres	50	59	108	138	355
	Total	101	113	217	269	700
PONTEVEDRA	Homes	71	54	87	123	335
	Mulleres	69	57	87	125	338
	Total	140	111	174	248	673

- Tamaños de mostra por provincia, grupo de idade e xénero -

Anexo 2: Modelo de Consentimento Informado

A Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, coa colaboración do Centro de Transfusión de Galicia, vai realizar un estudo co obxectivo de coñecer o nivel de protección da poboación galega fronte a determinadas enfermidades que se poden previr por medio da vacinación.

Este estudo realizarase en mostras de doazóns de sangue, sen que represente unha molestia adicional para os doadores.

Só se seleccionará unha parte dos doadores que acepten, dependendo da súa idade, sexo e procedencia.

Os datos serán tratados de maneira estritamente confidencial e servirán para facer un seguimento dos programas de vacinación.

¿Dá o seu consentimento para participar neste estudo?	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non
Sinatura e data:				
Lugar de nacemento:				
Codabar				

